

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

1. Presentación.....	2
2. Documentación e investigación.....	2
3. Publicacións.....	3
4. Dinamización Acción Exterior de Galicia.....	5
5. Rede de Redes.....	8
6. Actividades e proxectos.....	10
7. Comunicación.....	14
8. Cooperación universitaria.....	15
9. Consello reitor.....	15
10. Conclusións.....	16

1. PRESENTACIÓN

O IGADI continuou durante o 2020 a desenvolver os cambios iniciados na asociación desde a aprobación no ano 2018 das *"Liñas 2021: Un tempo novo para o IGADI e a paradiplomacia galega"*. Pese as dificultades propias das mudanzas estruturais e daquelas derivadas da crise sanitaria mundial da Covid19, o 2020 foi un ano de grandes fitos para o IGADI, que a nivel organizativo concretáronse de maneira singular coa configuración da nova Xunta Directiva, aprobada na primeira Asemblea Xeral online da historia da entidade, o 6 de novembro de 2020. Á continuidade na Dirección de Daniel González Palau, sumouse coma Vicedirectora a Marola Padín Novas e coma Secretario a Breogán Xuncal Pereira, e coma vogais a Emilio Martínez Rivas, David Alvarado e Alvaro López Mira, acompañados polo Presidente de Honra, Xulio Ríos.



2. DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

Nun ano marcado pola pandemia mundial da Covid19 o noso local no Centro Cívico Sur do Concello de Pontevedra permaneceu pechado desde o 12 de marzo, forzando ao equipo humano do IGADI a normalizar a

vida online da asociación. Aínda en modo remoto o traballo de análise e investigación, documentación e divulgación arredor das nosas áreas temáticas prioritarias continuou sendo o núcleo central da asociación, adaptándose ao novo contexto, que orientou as nosas actividades en todas as fronteiras durante o 2021.

CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea).

O CIDIC é o centro de documentación da asociación que retrata a Galicia e o mundo actual dende o final da Guerra Fría, construído ao longo da historia do IGADI; converténdose nun centro único no país pola súa especialización sectorial. O CIDIC atópase na sede central da entidade en Pontevedra, actualmente aínda pechado pola crise da Covid19 para a visita das persoas investigadoras que o desexen, cidadanía, sociedade civil e institucións.

No contexto actual paralizáronse os intercambios físicos con publicacións de think tanks e institucións análogas á nosa en Galicia, España, Europa, Asia e América, mais continuamos a manter ben viva a nosa conectividade internacional, coma o intenso ano de actividades presenta.



Liñas de investigación

Durante o 2020 o equipo do IGADI e a súa rede de colaboradoras e colaboradores seguiu a desenvolver traballo de análise e investigación nas áreas temáticas estratéxicas da entidade, todas fortemente impactadas polo confinamento, a crise sanitaria e económica derivada, así coma as consecuencias e efectos da denominada a nivel global coma nova normalidade:

- Acción exterior de Galicia e paradiplomacia:
 - Seguimento EGAEX e Lei Galega de Acción Exterior e Cooperación para o desenvolvemento
 - Paradiplomacia local
 - A Raia No Medio
 - Observatorio Galego da Lusofonía.
- Seguridade, conflitos e construción da paz (Áreas rexionais e análise país).
- China e mundo asiático.
- Cooperación Internacional e sistema de Nacións Unidas

3. PUBLICACIÓNS

O traballo de documentación e investigación arredor das nosas liñas de traballo históricas reflíctese en toda a actividade e proxecto do IGADI, e de maneira explícita na nosas publicacións. Ás publicacións de referencia do IGADI, os seus Informes anuais e a revista Tempo Exterior, sumáronse no 2020 dúas publicacións especiais, centradas na normalización da lingua galega na xeopolítica e as relacións internacionais, así coma na análise da pandemia desde a rede internacional de investigadoras e investigadores do IGADI.

Informes Anuais: IGADI Annual Report e Nós no Mundo

Baixo o título *“Da guerra comercial á Covid19”* e por décimo terceiro ano consecutivo, o IGADI Annual Report 2019-2020 achegounos ás principais chaves da política internacional do ano 2019 e as perspectivas para o 2020 que a explosión da pandemia mundial do novo coronavirus desatou a nivel planetario. A aterraxe



da Covid19 en Europa retrasou a edición final do informe, revisado durante os meses de marzo e abril antes da súa difusión pública no mes de maio para adaptalo á dinámica dos novos acontecementos.


O mesmo aconteceu coa edición final do Informe anual sobre acción exterior de Galicia, -Nós No Mundo, que no seu undécimo aniversario, focou os seus esforzos en presentar unha visión panorámica dos retos da paradiplomacia galega no contexto da nova normalidade, instaurada coa chegada do fin do primeiro confinamento e o inicio da desescalada, tendo presente o contexto interno en relación á construción en Galicia da nosa primeira Lei de acción exterior, en suspenso desde a convocatoria das novas eleccións autonómicas e actualmente de novo en curso no Parlamento autonómico.

Desta maneira non foi até o 30 de xullo de 2020 que presentamos os Informes anuais xuto á SX de Política Lingüística, que durante o ano 2020 renovou o seu apoio a distintas iniciativas do IGADI.

Tempo Exterior

En 2020 abriuse a terceira etapa histórica da revista semestral de estudos internacionais do IGADI, o Tempo Exterior. En liña cos desafíos abertos polo plan estratéxico do IGADI "Liñas 2021: Un tempo novo para o IGADI e a paradiplomacia galega" a revista aposta nesta nova época por un aliñamento maior coa Universidade galega e internacional, apostando por mellorar nos índices académicos e científicos.

Así as cousas a Dirección da revista recaeu no profesor da Universidade de Vigo, Celso Cancela, xunto a un novo Consello de Redacción, con investigadoras de sete grupos de investigación da Universidade galega, procurando unha perspectiva transdisciplina en ciencias sociais e un punto de encontro dos estudos internacionais galegos. Fan parte do novo Consello de Redacción: Alejo, Antonio (Grupo Armela, Universidade de Santiago de Compostela); Breogán Diéguez, Uxío (Cátedra de Memoria Histórica, Universidade da Coruña); Fernández, Belén (Grupo ESOMI, Universi-





dade da Coruña); Galanes, Iolanda (Grupo BiFeGa, Universidade de Vigo); López Mira, Alvaro Xosé (Grupo Observatorio da Gobernanza, Universidade de Vigo); Sande, Diego (Grupo ICEDE, Universidade de Compostela); Villarino, Carmen (Grupo Galabra, Universidade de Santiago de Compostela) e Lamoso González, Paula (Grupo Observatorio da Gobernanza, Universidade de Vigo), que exerce de Secretaria editorial da revista. Aproveitando estas mudanzas o propio Consello Científico foi ampliado, aproveitando o excelente punto de partida coa que concluíu a segunda etapa da revista fundada por Xuio Ríos.

Entre os primeiros cambios da nova época, identifícase a definición dunha monografía principal por número, que se visibiliza na capa e na estrutura da revista. Con estes vimbios o nº 40 (período xaneiro-xuño de 2019) centrou a atención no *Brexit e os cambios institucionais en curso na UE*, introducindo xa elementos novos no contexto de incerteza e complexidade da pandemia da Covid 19. A monografía principal que neste primeiro número foi coordinada polo Director da



revista, Celso Cancela, acompañáñlle na nova época do Tempo Exterior, artigos de miscelánea e recensións de libros. Cómpre destacar entre outras novidades a posibilidade á subscripción do Tempo Exterior nun formato plus, que ademais de ser acompañado dun agasalho, permite acceder con antelación aos subscritores a actividade e información do IGADI.

O nº 41 (período xullo-décembro de 2020) pensouse desde a coincidencia do traballo do IGADI de inspiración universalista coa celebración do *centenario da Xeración Nós*. Así as cousas a monografía principal foi coordinada por Uxío Breogán Diéguez, membro do Consello de Redacción, por medio de cinco textos especializados da man de especialistas galegos de referencia no coñecemento arredor da Xeración Nós. O número contou tamén con varios textos de miscelánea, entre os que destacan as análises inmediatas das

eleccións estadounidenses e as relacións galego-portuguesas coa China, así coma con recensións de libros publicados durante o 2020.

O mundo en galego: Comprender o global desde aquí

No contexto do vixésimo noveno aniversario do IGADI a publicación naceu dun dos obxectivos fundacionais prioritarios do IGADI, impulsar e normalizar o uso do galego en todos os ámbitos, de maneira específica e desde a natureza da asociación, na análise das relacións internacionais, xeopolítica e novos estudos globais.

Colaboraron coa publicación online coordinada por Xulio Ríos 17 analistas e especialistas galegos de recoñecido prestixio, combinando sinaturas consolidadas e novos valores, achegándose a un conxunto de temas abertos e novas tendencias nos estudos internacionais e a acción exterior de Galicia. A publicación é accesible en aberto na web do IGADI e visibilizouse nos meses de novembro e decembro nas redes sociais da entidade

“O mundo en galego: Comprender o global desde aquí” impulsouse coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e presentouse en rolda de prensa o xoves 19 de novembro, coa presenza de Valentín García, Secretario Xeral SXPL e Daniel González Palau, Director do IGADI.

O mundo desde aquí: A pandemia da Covid 19

O IGADI, que conta entre os seus obxectivos fundacionais (1991) coa promoción do ideario de Nacións Unidas, promoveu unha reflexión coral arredor do ano 2020 e a evolución da pandemia a nivel planetario, contando con 26 persoas de 23 países e 4 continentes da rede internacional de investigadoras e investigadores da entidade, debuxando os acontecementos distópicos a nivel planetario do ano 2020, por medio de tres preguntas abertas: Como viviu o confinamento o teu país? Que cousas mudaron nel durante o 2020? Que expectativas hai para o 2021? O IGADI promoveu a publicación desde o convencemento de que o futuro






da humanidade pasa polo reforzamento do multilateralismo e un maior coñecemento mutuo entre culturas e civilizacións.

A publicación que contou coa colaboración da Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, serviu para a realización dun encontro online con 14 das 26 investigadoras participantes na [Canle de Youtube do IGADI](#) o 17 de decembro, pechando as actividades públicas do IGADI no 2020. Cómpre destacar que a publicación aliñouse no ano do Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero, co desenvolvemento da Lei Paz Andrade e a normalización do portugués en Galicia, respectando a grafía orixinal dos textos chegados de Portugal, Brasil e Cabo Verde, coma ferramenta para a nosa conectividade e presenza internacional.

4. DINAMIZACIÓN DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

A promoción e participación de Galicia na sociedade internacional está no centro constituínte do IGADI e por iso entre as nosas liñas de traballo tradicional destaca a promoción de políticas públicas para unha acción exterior de Galicia coordinada e con acento na lingua.

Para o ano 2020 agardábase a finais do mes de xaneiro a tramitación e aprobación no Parlamento do proxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación



ao Desenvolvemento, trala aprobación do proxecto da Lei polo Consello da Xunta a finais do ano 2019. Sen embargo, o adiamento electoral realizado o 10 de febreiro polo Presidente da Xunta para o 5 de abril e a consecuente disolución do Parlamento, implicou un primeiro retraso sobre o calendario inicial, que obviamente viuse de novo adiado pola crise do coronavirus, o estado de alarma e a posterior convocatoria electoral para o 12 de xullo. Trala realización das eleccións, a configuración do novo goberno e a constitución do Parlamento, o Consello da Xunta remitiu de novo ao Parlamento o proxecto de Lei o 27 de setembro, realizándose o debate plenario sobre a mesma o 24 de novembro de 2020.

Así as cousas, no contexto de crise pandémica continuamos a acompañar o proceso e o calendario de concreción da Lei, observando ao mesmo tempo as transformacións e os impactos da pandemia, que pola natureza da propia crise impactou de maneira absoluta nas viaxes, proxectos e programas da acción exterior de Galicia. En calquera caso, e a espera final da votación e concreción da Lei debemos destacar entre as nosas actividades durante o 2020:

- O IGADI realizou o duodécimo informe anual da acción exterior de Galicia, Nós No Mundo, no que achegámonos ás posibilidades panorámicas da paradiplomacia galega na nova normalidade.
- Durante o mes de outubro, trala remisión ao Parlamento do proxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento, realizamos xuntanzas cos tres grupos parlamentarios con re-

presentación, presentándolles as nosas achegas fundamentais, a espera dun salto de calidade que obligue á programación, seguimento, visibilización e avaliación sistemática da Estratexia Galega de Acción Exterior. Presentamos tamén por medios electrónicos na web do Parlamento de Galicia, no Lexisla con Nós, as nosas suxerencias para a mellora do texto legal.

- Igualmente, durante 2020 o IGADI mantivo o seu compromiso coa Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega (CCG).
- Ademais, cómpre significar que durante o ano 2020 mantivemos xuntanzas virtuais regulares coas cidades e Deputacións galegas, así coma cos axentes principais da acción exterior de Galicia, para informar sobre o proceso de elaboración da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento.
- Durante o 2020 realizamos dous proxectos estratégicos para a acción exterior de Galicia que cómpre destacar e poñer en valor pola súa potencialidade na década dos anos 20. No marco da convocatoria de proxecto da Xunta de Galicia “O Teu Xacobeo” concluímos o proxecto “Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” abrindo a páxina web, china.hub.gal, presentando o Informe final e as Xornadas online, cun programa en liña coa acción exterior de Galicia, pensando nas posibilidades de Galicia na Unión Europea, e as potencialidades da diáspora, a diplomacia económica e cidadá, así como da lingua portuguesa na súa relación con Macau. Tamén, dando continuidade a Declaración institucional do Pleno do Concello da Coruña do 21 de marzo de 2019 de apoio ao documento de Bases de Acción Exterior, para ordenar a acción exterior da cidade no marco da Estratexia Galega de Acción Exterior, desenvolvemos o proxecto “*Novos tempos para a acción exterior de Galicia, A Coruña global no mundo do S.XXI*” abrindo entre outras accións a web de acoruna.hub.gal. Dos dous proxectos damos conta de maneira pormenorizada nesta Memoria, no punto 6, Actividades e Proxectos.

5. REDE DE REDES


Unha das sinais de identidade fundamentais das tres décadas de traballo do IGADI foi a combinación das actividades puramente analíticas, no ámbito dos estudos internacionais e xeopolíticas propias dun *think tank* da nosa natureza, coa xestión de actividades, proxectos, liñas de traballo e institucións vinculadas coa súa misión e obxectivos estatutarios de 1991.

Nesta dinámica histórica o 2020 representou un punto de inflexión coa disolución da Secretaría histórica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que o IGADI promovera durante os anos 90 por medio dun proceso de reflexión e dinamización por medio de estudos, xornadas, entrevistas e outros procesos, que acabaron por constituír no 1997 a asociación.

- No marco da reflexión aberta polo documento estratégico “Liñas 2021: O IGADI e a paradiplomacia galega nun tempo novo” e a proposta do IGADI, decidiuse disolver no 2020 a Secretaría histórica exercida na asociación municipalista, disolvendo as ligazóns formais e operativas entre as dúas entidades, sendo agora o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, unha entidade formada exclusivamente por entidades públicas. Así as cousas, con data 1 de abril de 2020 as partes asinaron un acordo para extinguir formalmente o seu vínculo, asumindo o Fondo Galego persoal propio e pasando o Concello de Ames a ocupar durante 2019-2023 o mandato da Secretaría da entidade. Na Asemblea Xeral do Fondo Galego, celebrada de maneira virtual o 30 de xuño, entregouse un agasallo conmemorativo ao IGADI, que participou na mesma para despedirse dos socios da entidade.

O feito de que ambas as dúas entidades tomen agora camiños separados non significa que non se poidan establecer novas vías de colaboración no futuro, no marco de iniciativas que contribúan a reforzar a cooperación municipalista e a situala en liña coa acción exterior galega, teima histórica do IGADI desde a fundación do Fondo Galego, na procura de coherencia de políticas. Neste senso,

tanto o Fondo Galego como o IGADI significaron a traxectoria común desenvolvida ata hoxe, considerándoa un exemplo de máis valía e sinerxía positiva. En liña con esta despedida o Fondo Galego de Cooperación recibiu en decembro de 2021, candidata-do polo Director do IGADI, Daniel González Palau, o Premios Consello Social UVigo-Humana pola súa traxectoria histórica.



- O IGADI seguiu a exercer durante o ano 2020 a Secretaría da Fundación Plácido Castro, divulgando a súa figura e obra, por medio das súas actividades tradicionais, coma a Conferencia anual ou a difusión do seu legado por medio das redes sociais da Fundación. Cómpre subliñar que o IGADI promoveu xunto á familia de Plácido Castro o nacemento da Fundación, constituída finalmente no 1999. Destacaron entre as actividades do ano 2020 a 21ª Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por Xosé Luís Pastoriza Rozas en Nigrán, a 24 de xaneiro de 2020: “Rara avis: Plácido Ramón Castro del Río e o liberalismo galeguista” así coma a visibilización pública da súa figura en colaboración co Consello da Cultura de Galicia, editando conxunta-



mente a obra colectiva “Vocacións e ideais de Plácido Castro” así coma incorporando a Plácido Castro no Álbum de Galicia do Consello da Cultura. Sen embargo e no contexto da crise mundial produto

do novo coronavirus a XIXª edición do Premio Plácido Castro de Tradución foi adiada a 2021.

- O IGADI continuou a impulsar o Observatorio da Política China (OPCh) en colaboración con Casa Asia, por medio de distintas actividades, da análise na web á elaboración de documentos referenciais nos estudos chineses en español. No contexto pandémico do ano 2020 o Observatorio de la Política China e o seu Director, o Presidente de Honra do IGADI, Xulio Ríos, erixíronse coma unhas das voces máis autorizadas para o seguimento dos acontecementos na China e Asia. Á presenza permanente en medios españois e internacionais acabou por sumárselle o merecidísimo Premio Casa Asia, concedido a Xulio Ríos a finais do ano 2020.
- Destacou no marco das actividades do OPCh de maneira singular tamén durante o 2020 o determinante apoio ás Xornadas finais do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camios para o diálogo Oriente-Occidente” que inspirado polo artigo de Xulio Ríos de 2015 “De rutas e camiños no S.XXI” serviu para tecer unha ponte entre a China e Galicia imposible de construírse sen tres décadas de traballo sistemático nesta dirección.

6. ACTIVIDADES E PROXECTOS

O IGADI realiza as súas propias actividades e proxectos presenciais en contacto directo coa cidadanía, as institucións e a sociedade civil galega, para a promoción dunha cidadanía global e un país internacionalizado, capacitado e con ferramentas para o mundo do S.XXI. Nas actividades e proxectos do ano 2020 influíu de maneira determinante a pandemia da Covid19, que obrigou a reprogramar todos os proxectos ao formato virtual, impulsando o desenvolvemento da IGADI Televisión.

Ciclo Marzo 2020: O Mundo desde aquí

O ciclo de charlas definiuse en colaboración coa Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago



de Compostela, na procura de abrir un espazo de reflexión para pensar o mundo desde Galicia e particularmente desde unha cidade global coma Santiago de Compostela. O Ciclo puxo o foco nos estudos internacionais protagonizados por mulleres no marco da Axenda 2030 e a acción exterior de Galicia. As catro

citas iniciais víronse interrompidas polo impacto da pandemia en Europa, tendo que modificar o formato inicial proposto de charlas presenciais.

Así as cousas a tarefa de apertura correspondeulle o 4 de marzo a Marola Padín, actualmente Vicedirectora do IGADI e analista do Observatorio da Política China, que presentada polo Decano da Fac. de Ciencias Políticas, Ramón Bouzas, presentou a charla “Galiza-China un binomio con forza”. Posteriormente o mércores 11 a pontevedresa Paula Lamoso, Doutora en Dereito, Goberno e Institucións pola Universidade Autónoma de Madrid e investigadora asociada do IGADI e Secretaria do Consello de Redacción da revista Tempo Exterior, presentou o relatorio “A política exterior feminista para un mundo máis xusto e seguro” achegándonos ao concepto de política exterior feminista, emerxente nas novas temáticas de relacións internacionais e institucionalizado por Suecia coma política de estado no 2014, referencia dentro das iniciativas pola igualdade no marco global da Axenda 2030. A profesora da Facultade Montserrat Pintado Lobato foi a encargada de presentar a segunda das citas do Ciclo.

O Ciclo que tivo que ser suspenso polo estado de alarma do 14 de marzo, continuou de maneira virtual no mes de outubro no marco da moi axitada vida da IGA-DI Televisión. Primeiramente da man de María Reimón-



MUNDO DESDE AQUI
CICLO DE CHARLAS E LIBROS
MARZO 2020
OS MÉRCORES
ÁS 19:30
Facultade de Ciencias Políticas
USC, Salón de Graos.

Día 4: "Galiza-China: Un binomio con forza"
Marola Padín. Licenciada na Fac. de Ciencias Políticas da USC, IGADI-Observatorio da Política China, realizando a investigación central do proxecto "O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente".
Presenta: Ramón Bouzas Lorenzo.

Día 11: "A política exterior feminista para un mundo máis xusto e seguro"
Paula Lamoso. Licenciada en Xestión Pública pola UVIGQ, Doutora en Dereito, Goberno e Políticas Públicas pola UAM. Na súa tese analiza o Servizo Europeo de Acción Exterior.
Presenta: Montserrat Pintado Lobato.

Día 18: "A diáspora e a acción exterior de Galicia"
María Xosé Porteiro. Xornalista e escritora. Foi delegada da Xunta de Galicia en Bos Aires no goberno galego 2007-2009. En 2019 publicou "Sándalo" Galaxia.
Presenta: Marta Lois González.

Día 25: "A crítica feminista á cooperación internacional para o desenvolvemento"
María Reimóndez. Escritora, tradutora, activista e estudosa dos feminismos globais. En 2014 publicou "A alternativa está aquí" Xerais.
Presenta: Irene Rodríguez Manzano.

MUNDO DESDE AQUI
CICLO DE CHARLAS E LIBROS

28 de outubro ás 19:00
"A crítica feminista á cooperación internacional para o desenvolvemento"
María Reimóndez. Escritora, tradutora, activista e estudosa dos feminismos globais. En 2014 publicou "A alternativa está aquí" Xerais.
Presenta: Montserrat Pintado Lobato, Profesora de Relacións Internacionais da Fac. de Ciencias Políticas e Sociais da USC.

A charla retransmitirase en directo na Canle de Youtube de IGADI.
Para inscricións e participación na Sala de ZOOM escribir a info@igadi.gal

MUNDO DESDE AQUI
CICLO DE CHARLAS E LIBROS

4 de novembro ás 19:00
"Donald Trump e a Doctrina Monroe 2.0: ¿América para os americanos?"
Andrea Mila. Experta en política latinoamericana e relacións internacionais.
Presenta: Daniel González Palau (Director do IGADI).

A charla retransmitirase en directo na Canle de Youtube de IGADI.
Para inscricións e participación na Sala de ZOOM escribir a info@igadi.gal

dez, escritora, tradutora e especialista en cooperación internacional, que presentou a charla o 28 de outubro *“Crítica da cooperación internacional desde os feminismos”* dese a súa experiencia coma investigadora en feminismos e fundadora da ONGD Implicadas no Desenvolvemento. A profesora da Facultade Montserrat Pintado Lobato foi de novo, agora no formato online, a encargada de presentar a terceira cita do Ciclo. Finalmente o 4 de novembro pechamos o Ciclo MARZO 2020, da man da investigadora asociada do IGADI, Andrea Mila, achegándose ao novo ciclo político latinoamericano baixo o título *“Donald Trump e a Doctrina Monroe 2.0: América para os americanos?”*.

O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente

As Xornadas puxeron punto final á primeira fase do proxecto “O Xacobeo e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” (iniciado o 1 de setembro de 2019) que naceu da convocatoria “O Teu Xacobeo 2019” impulsada pola Xunta de Galicia, ao que se sumaron achegas para a súa financiación dos Concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo. O proxecto que comezara en setembro de 2019 tivo que retrasar as Xornadas finais primeiramente programadas para o mes de abril de 2020, para o mes de outubro, substituíndo tamén o formato presencial polo online.

As Xornadas distribuíronse en tres intensos días con sesións de mañá e tarde o 14, 15 e 16 de outubro.



Trala sesión institucional de apertura e a presentación do informe final por Marola Padín, investigadora central do proxecto, as Xornadas contaron con 10 sesións temáticas nas que participaron 30 expertas e expertos de China, España, Portugal e Galicia. Economistas, politólogas, xornalistas, investigadores ou profesores de idiomas déronse cita para coñecer e repensar as relacións de Galicia con China e o diálogo Unión Europea-China, no marco da Axenda 2030 e a pandemia global da Covid19. As inscricións nas Xornadas viñeron de 13 países, contabilizando 178 persoas inscritas, centralizadas desde a web china.hub.gal

O programa das Xornadas finais do proxecto, especificamente co importantísimo valor simbólico da participación dos think tanks de China (Academia das Ciencias Sociais da China), España (Real Instituto El Cano) e Portugal (Instituto de Oriente), o Alto Representante das Nacións Unidas para a Alianza de Civilizacións, Miguel A. Moratinos, ou a SX do Foro Macau, Rita Santos, deron conta do papel do IGADI nos estudos chineses e das posibilidades de Galicia no diálogo EU-China no marco da Axenda 2030.

As Xornadas coincidiron no contexto da volta ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación do proxecto da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento. Así as cousas o papel da diáspora galega na China, as relacións de Galicia co mundo da lingua portuguesa (oficial en Macau), o papel das nosas cidades na proxección da Galicia global, ou o diálogo final na última sesión das Xornadas entre a Rede Galicia-China identificada polo informe do IGADI no marco do proxecto, aspiran a poñer enriba da mesa as potencialidades dunha acción exterior de Galicia con vontade de retorno para a nosa sociedade.

Todas as sesións están dispoñibles na IGADI Televisión. O programa foi o seguinte:

MÉRCORES 14 DE OUTUBRO

10:00 Presentación institucional das Xornadas.

- Presenta, Daniel González Palau, Director do IGADI.
- Javier Parrondo, Director Xeral de Casa Asia.

- ▣ Por confirmar, Concello de Santiago de Compostela.
- ▣ Nava Castro, Directora de Turismo de Galicia (Xunta de Galicia)

11:00 Presentación Informe final investigación "O Xacobeo e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente"

- ▣ Presenta, Daniel González Palau, Director do IGADI.
- ▣ Marola Padín, Investigadora principal IGADI e investigadora do proxecto "O Xacobeo e a Ruta da Seda..."

12:00 O Camiño de Santiago e a Ruta da Seda, itinerarios para a cooperación no mundo do covid19

- ▣ Presenta e modera, Marola Padín, Investigadora principal IGADI.
- ▣ Minkang Zhou Gu, Director do Centro de Estudos e Investigación sobre Asia Oriental da Universidade Autónoma de Barcelona (East Asian Studies & Research Centre).
- ▣ Víctor Cortizo, Vicepresidente Cátedra China, fundador de Cortizo Legal (Madrid-Beijing) e Director do Grao en Relacións Internacionais na Universidad Francisco de Vitoria.
- ▣ Marta Mesonero, Presidenta Asociación de Amigos do Camiño na China.

18:00 Mesa de experiencias globais de cooperación de cidades e rexións coa China

- ▣ Presenta e modera, Daniel González Palau, Director IGADI
- ▣ Navarra-Gansú, Miren Ausín Lecuna, Directora do Servizo de Proxección Internacional do Goberno de Navarra.
- ▣ Os irmandamentos Portugal-China - exemplos comparados, Joao Casqueira, Profesor da Universidade Fernando Pessoa do Porto e membro do CEPES – Centro de Estudos da População, Economía e Sociedade.
- ▣ A aprendizaxe do chinés en Andalucía, Carmen Mellado Álvarez, Xefa de servizo de programas educativos internacionais da Consellería de Educación da Junta de Andalucía.

XOVES 15 DE OUTUBRO

10:00 Galicia e Norte de Portugal nas relacións con Macau, UE e China, entre os Caminhos a Santiago a nova Ruta da Seda (Sesión en portugués)

- ▣ Presenta e modera: Xosé Morell, Experto en mediación internacional. Asociado en Observatorio Galego da Lusofonía-IGADI.
- ▣ Dra. Rita Santos, Adjunta à Secretaria Geral do Foro Macau
- ▣ Dra. Fernanda Ilhéu, Presidente da Associação de Amigos da Nova Rota da Seda. Lisboa.



Xacobeo 2021 - Ruta da Seda XORNADAS CAMIÑOS PARA O DIÁLOGO ORIENTE-OCCIDENTE

INICIO PRESENTACIÓN ▾ PROGRAMA PARTICIPANTES INSCRIPCIÓN RECURSOS

Presentación	Presentación	Presentation
O proxecto "O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños cara ao diálogo Oriente-Occidente" naceu desde a premisa inicial de que o diálogo entre o Camiño de Santiago e a Ruta da Seda debe ser unha parte integral e substancial do diálogo en Europa-China no marco da Axenda 2030.	El proyecto "El Xacobeo 2021 y la Ruta de la Seda: Caminos hacia el Diálogo Oriente-Occidente" nace de la premisa inicial de que el diálogo entre el Camino de Santiago y la Ruta de la Seda debe ser parte integral y sustancial del diálogo Europa-China en el marco de la Agenda 2030.	The project "The Xacobeo 2021 and the Silk Road: Paths towards East-West Dialogue" was born from the initial premise that the dialogue between the Camino de Santiago and the Silk Road must be an integral and substantial part of the dialogue Europe-China within the framework of the UN 2030 Agenda.
+	+	+
Presentação	Présentation	介绍

12:00 A diáspora galega na China

- Presenta e modera: *David Alvarado, Investigador principal IGADI.*
- Xavier García, Xornalista, escritor e Responsable da Delegación Agencia EFE en China.
- Ana González, Experta en Comunicación Intercultural Empresarial Sinohispana e Negociacións con China. Presidenta Asociación de galegos en China.
- Modesto Corderi, 莫帝, Máster en ensinanza do chinés MTCOSOL e licenciado en filoloxía chinesa pola Universidade de Lingua e Cultura de Pequín BLCU.
- Susana Fernández, Consultora en Shanghai.

18:00 "A cidade internacional e os Camiños a Santiago: consecuencias inmediatas da pandemia da Covid19".

- Presenta e modera: *Paula Lamoso, Secretaría editorial Revista semestral de estudos internacionais do IGADI, Tempo Exterior.*
- Concello de A Coruña, Juan A. Borreguero, Concelleiro de Relacións Institucionais e Turismo
- Miguel A. Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra
- Concello de Lugo, Mauricio Repetto, Concelleiro de Desenvolvemento Local.

VENRES 16 DE OUTUBRO

10:00 O diálogo EU-China no marco da Axenda 2030 (Sesión en inglés)

- Presenta e modera, *Rafa Bueno, Director Politics & Society and Education Casa Asia*
- Dra. Zhang Min, Director of Center for Spanish Studies, Institute of European Studies, Chinese Academy of Social Sciences(CASS).
- Dr. Miguel Otero, Investigador principal Real Instituto Elcano.
- Dra. Carla Costa, Investigadora do Instituto Oriente (ISCSP/Universidade de Lisboa)

12:00 Axenda 2030: os Camiños e a Ruta na alianza e diálogo de civilizacións.

- Presenta e modera, *Lucrezia López, Grupo ANTE, Departamento de Xeografía USC*
- Georgina Higuera, Xornalista especializada en Asia, escritora e profesora asistente en diversas universidades, incluída a Universidade de Hubei (R.P. China). Vicepresidenta Cátedra China
- ZHANG Ke, Doctoranda e investigadora do grupo de investigación "Global Cultural Routes and Sustainability" da Universidade Pontificia Comillas; Directora Executiva do 'Beijing Camino Int'l Cultural Exchange Center'.
- ZHAO Jingli, Doctoranda e investigadora do grupo de investigación "Global Cultural Routes and

YouTube ES

Buscar

A función de reproducir de novo o chat en directo desactivouse para este vídeo.

Coloquio "Axenda 2030, municipalismo e cooperación..."
IGADI TV
94 reproducións •
Emitiuse hai 1 mes

Coloquio "A globalización na cidade metropolitana" | Ciclo ...
IGADI TV
122 reproducións •
Emitiuse hai 2 meses

Xornadas Online - Diálogo Oriente-Occidente (1ª día) | ...
IGADI TV
121 reproducións •
Emitiuse hai 3 meses

Tertulia de Federico: Illa, más preocupado por hacer campaña...
esRadiovidéos
29.019 reproducións • hai 2 días
Novo

Miguel Ángel Moratino

Xornadas Online - Diálogo Oriente-Occidente (3ª día) | Camiños e a Ruta (Sesión extraordinaria)

100 reproducións

5 0 COMPARTIR GARDAR

Sustainability” da Universidade Pontificia Comillas, representante de Comillas en China, 9 anos na área de cooperación educativa entre China e España.

- Daniel González Palau, Director do IGADI.

18:00 Mesa Redonda: A rede Galicia-China, diagnose e desafíos

- *Presenta e modera, Daniel González Palau, Director IGADI*
- Modesto Corderi, Profesor de chinés e especialista en pedagogía do chinés. Traballou na Embaixada de España en Pequín e como formador de idiomas en empresas como Telefónica Asia, BBVA Asia, banco ICBC e China Unicom, entre outras. Traballou na EOI de Vigo e Ourense.
- Víctor Arce, Vicerreitor de estudantes e internacionalización da USC.
- Begoña Jamardo, Directora de Internacionalización de IESIDE, Afundación Obra social ABANCA.
- Xosé Morell, Socio en Santiago Import Ltd. (Hong Kong); Asociado en Dragón Invest. Lda. (Portugal).
- Mestre José Gago, Director da Escola de Artes Chinas Dinamic, Ourense
- Miguel Cortés, Presidente Asociación Cultural Educativa Qu Yuan 阿塞屈原 e Vicepresidente Asociación China Universitaria de Santiago de Compostela 圣地亚哥大学中国学生学联
- Ánxela Gracián, Escritora, tradutora, editora, crítica literaria e dinamizadora cultural. No 2018 escribiu “As voces da auga” (Baía Editorial) novela ambientada na China e gañadora ex aequo do VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira.

Novos tempos para a acción exterior de Galicia, A Coruña global no mundo do S.XXI

O convenio entre o IGADI e o Concello da Coruña naceu do obxectivo de desenvolver as Bases de Acción Exterior A Coruña, documento empregado para diagnosticar e ordenar a conectividade internacional da cidade. O documento das BAEX redactado entre 2018 e 2019 no marco da nova arquitectura legal da acción exterior española e galega, o papel das cidades na mesma e a EGAEX (Estratexia Galega Acción Exterior)



conseguiu a unanimidade no Pleno do Concello en marzo de 2019, baixo a Declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI”.

As actividades, que se desenvolveron entre setembro e decembro de 2020, promoveron un relato de cidade internacional conectada á Axenda 2030 e a Axenda Urbana do Concello no marco da acción exterior de Galicia, conseguindo tres resultados concretos. En primeiro lugar o convenio implicou o apoio e soporte financeiro do Concello da Coruña ao proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo oriente-Occidente”, participación enmarcada na promoción do Camiño inglés e o propio desenvolvemento das BAEX A Coruña e a EGAEX. En segundo lugar organizouse ao longo do mes de novembro o ciclo de coloquios online, “Novos Tempos para A Coruña global” para dar a coñecer e promover o perfil da



Coruña coma cidade global, achegándose ao diálogo e coñecemento compartido entre o mundo institucional, económico, cultural ou social da cidade (nas que se inscribiron 84 persoas). En terceiro lugar realizouse o 4 de decembro coa participación de 14 representantes técnicos e representantes políticos do Concello, arredor do fenómeno das redes internacionais de cidades, especificamente arredor daquelas nas que participa o Concello da Coruña, coma por exemplo a Rede de Cidades Atlánticas.

Todas as sesións do Ciclo de Coloquios online “*Novos Tempos para A Coruña global*” están dispoñibles na IGADI TV. O programa foi o seguinte:

MARTES 3 DE NOVIEMBRE: A globalización na cidade metropolitana: Da entrada na UE á pandemia da Covid19

- Fernando González Laxe, Nado na Coruña, Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, Catedrático de Economía Aplicada na UDC. Foi presidente da Xunta de Galicia.
- Consuelo Bautista, Xefa de informativos de Radio Coruña Cadena SER desde 1992
- Andrés J. Precedo Ledo, Catedrático de Xeografía Humana (1983). Autor de 25 libros e de 360 artigos científicos publicados en doce países. Foi

membro de numerosas institucións internacionais e nacionais e actualmente é presidente da Asociación Metropolitana Coruña 3.0. Membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera Mariñas-Mandeo.

MARTES 10 DE NOVIEMBRE: A Coruña nas redes globais da nova e vella diáspora galega.

- Pilar Cagiao, Profesora Titular de Historia de América na Universidad de Santiago de Compostela e directora do Centro Interdisciplinario de Estudios Americanistas “Gumersindo Busto” da USC. Foi Directora do Arquivo Histórico da Emigración do Consello da Cultura Galega
- Montserrat Golías, Cátedra da Memoria Histórica, ESOMI, Universidade da Coruña
- Miguel Rodríguez e Duarte Romero, Xornalistas, vivindo e traballando en Londres desde o 2010, produtores do podcast -Té com Gotas).
- Xavier Alcalá, Enxeñeiro, informático e escritor.

MARTES 17 DE NOVIEMBRE: Fase Atlántica: O mar, a cultura e a ciencia na Coruña global

- Felipe Senén, Presidente da Asociación de Amigos dos Museos de Galicia, fundador do Museo Arqueolóxico da Coruña.
- Nieves R. Brisaboa, Profesora da Facultade de Informática da Universidade da Coruña, Premio nacional de Informática 2019




acoruña no mundo GLOBAL do SÉC. XXI

Inicio Presentación Programa Inscripción Recursos

Anímate a participar e construír a cidade do futuro

Inscríbete e participa da Coruña global!



- Anxela Baltar, Música, BALA
- Yolanda Castaño, Escritora e xestora cultural.

MARTES 24 DE NOVIEMBRE: Axenda 2030, municipalismo e cooperación internacional

- José Manuel Peña Peñabadi, Xefe de Servizo de Alcaldía e Axenda Urbana A Coruña
- José Luis Méndez Romeu, foi Concelleiro de Educación e Cultura na Coruña entre 1987 e 2004 e Conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia entre 2005 e 2009. Anteriormente foi Secretario de Estado no Goberno de España. Dirixiu no 2018 o Informe sobre a política de acción exterior para Galicia (Eixo Atlántico)
- Tamara Espiñeira, Secretaria Xeral da rede de cidades Atlantic Cities
- Representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- Representante de Enxeñaría Sen Fronteiras

MARTES 1 DE DECEMBRO: A globalización nos tempos da Covid 19: Crise, oportunidades e perspectiva? O caso da Coruña.

- Marta Rey García, Profesora Titular de Universidade na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña. Coruñesa, iniciou a súa traxectoria profesional en 1996 na Fundación Barrié, da que foi directora ata 2008. É membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
- Enrique Sáez, Economista e ensaísta. Foi Director Xeral do Banco Pastor. Escribiu entre outros “O Mundo e Nós” (1999) e “La Libertad en el Siglo XXI” (2019). Actualmente Presidente da Fundación Juana de Vega. Consello Reitor do IGADI.
- Yaiza Canosa, CEO de GOI, Seleccionada Revista Forbes 30 under30



7. COMUNICACIÓN ONLINE


Web, redes sociais e boletín

Así coma o traballo de análise máis académico e estratéxico canalízase por medio das publicacións físicas do IGADI a páxina web presenta con regularidade análises

variados das persoas colaboradoras do IGADI. Tamén, a través das redes sociais continuamos a nosa sistematización de historias e liñas de traballo da entidade baixo etiquetas e cancelos coma:

#NósNoMundo

#OMundoDesdeAquí



#UnhaHistoriaSXXI
 #OGALUS
 #PaRAdiplomaciaLocalGalega
 #ARaiaNoMedio
 #29anosIGADI

No 2020 normalizamos tamén o envío das newsletter-boletíns mensuais, para manter a nosa comunicación con persoas, entidades e institucións interesadas e a nosa propia base de colaboradores.

IGADI Televisión


O impacto da pandemia da Covid19 catalizou a programación virtual de todas as actividades e proxectos programados durante o 2020. Como deixa constancia esta Memoria foron máis de 25 sesións en directo as realizadas na IGADI TV entre setembro e decembro de 2020, arredor dos proxectos: *"MARZO 2020: O Mundo Desde Aquí"*, *"O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente"*s, *"Novos Tempos para a acción exterior de Galicia: A Coruña global no mundo do S.XXI"* aos que se lle sumaron un evento especial online arredor da pandemia da Covid19 e unha charla online de presentación do libro de Diego Sande e membro do Consello de Redacción do Tempo Exterior, *"O estrangulamento tecnolóxico de Galiza"*, editado por Edicións Laiovento a finais deste ano 2020.



8. COOPERACIÓN UNIVERSITARIA

Durante todo o ano 2020 seguimos a traballar no marco das Liñas 2021 nunha maior cooperación universitaria e sistematización do traballo coas Universidades galegas e internacionais. Nesta dirección destacamos de maneira sintética as seguintes actividades:

- De maneira particular a terceira época da revista Tempo Exterior aspira a sistematizar a colaboración coa Universidade galega e internacional, como amosa a definición da nova Dirección e Consello de Redacción da revista.
- O Ciclo de charlas de MARZO2020: O Mundo Desde Aquí desenvolvido en colaboración coa Facultade de Ciencias Políticas da USC.
- A participación das tres Universidades públicas galegas, así como IESIDE (Escola universitaria de



ABANCA), no proxecto “O Xacobeo a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”.



9. CONSELLO REITOR

No marco do Consello Reitor cumpre destacar con profundo pesar o falecemento de Xosé Luís Franco Grande o 31 de marzo de 2020. Académico e figura indiscutible das nosas letras, contribuíu ao traballo do IGADI dunha maneira comprometida e entusiasta, co que compartiu a importancia de contar en Galicia cunha visión propia dos asuntos globais como premisa para lograr un maior aproveitamento da nosa presenza no mundo. Que a terra lle sexa leve.

10. CONCLUSIÓNS FINAIS

O 2020 presentouse coma un ano de definicións dos procesos de renovación en marcha desde a entrada na Dirección do IGADI de Daniel González Palau coma novo Director en maio de 2018, xa ben en relación á vida asociativa e a renovación da Xunta Directiva da entidade, a apertura da terceira época da revista Tempo Exterior ou o protagonismo da comunicación dixital da entidade, especificamente coa intensa vida da IGADI Televisión.

As dificultades impostas pola pandemia e demais distopías da vida interna da asociación agudizaron as dificultades para dar continuidade ao equipo profesional, gañando impulso o traballo voluntario e en rede, que conseguiu avanzar a pesar dos retos e problemas aparecidos durante o 2020.

O 2021 deberá consolidar os procesos definidos durante o 2020, impulsando novos proxectos e actividades, superando as dificultades estruturais e anovando a visión estratéxica que asegure a continuidade da moi necesaria misión constituínte do IGADI os próximos 30 anos.

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**I
GA
DI**